



Estimadas familias:

Dámoslles a benvida como membros da comunidade educativa ao curso que comeza e informámoslles de varios aspectos do seu interese en canto ao funcionamento do centro.

Pregamos a colaboración das familias na observación das normas de funcionamento e de convivencia do centro; especialmente na súa cooperación co profesorado, na asistencia ás reunións, na puntualidade nas entradas e saídas, no cumprimento de prazos e horarios de atención ao público, nas súas aportacións e suxestións, en definitiva na súa participación para seguir mellorando a calidade da educación que todos queremos para o noso alumnado.

Xornada lectiva: As actividades lectivas e comedor comezan o 11 de setembro e rematarán o 20 de xuño de 2025, segundo a seguinte organización horaria:

HORA		ACTIVIDADES LECTIVAS/ COMEDOR/ EXTRAESCOLARES
09:20	ACTIVIDADES LECTIVAS	Apertura de portas de entrada ao recinto para o alumnado de infantil e alumnado de primaria.
09:30		Sinal música comezo da 1ª sesión lectiva. Péchanse as portas.
10:20		2ª sesión lectiva.
11:10		3ª sesión lectiva.
12:00		Recreo.
12:30		Subida ás aulas. Hora de ler.
12:50		4ª sesión lectiva
13:40		5ª sesión lectiva.
14:15		Recollida nas aulas do alumnado de comedor de EI por persoal colaborador.
14:20		Saída casa alumnado EI
14:25		Recollida do alumnado do comedor polas colaboradoras.
14:30		Saída alumnado primaria casa.
15:20		Saída comedor bus.
15:30		Saída comedor casa. Recreo comedor actividades extraescolares.
15:40	Peche portas.	
15:55	Apertura portas entrada alumnado actividades extraescolares.	
16:00	TARDES	Actividades extraescolares 1 (luns a xoves) / Atención a pais, nais polo profesorado titor os luns .
17:15		Saída actividades extraescolares 1/ Actividades extraescolares 2.
18:30		Saída actividades extraescolares 2.

Puntualidade: Reiteramos a petición de puntualidade tanto nas entradas como nas saídas. O alumnado que chegue tarde, a partir das 09:30h non pode entrar no edificio de aulas, debe pasar polo edificio de administración para que persoal do centro o acompañe á dependencia onde se atope o seu grupo. No caso de retrasos reiterados sen xustificación incorporaranse ao seu grupo na seguinte sesión, sempre acompañados por persoal do centro. A acumulación de faltas de puntualidade e/ou asistencia tratarase segundo o protocolo de absentismo escolar. As familias non poden entrar no edificio de aulas durante a xornada lectiva.

Entradas: As entradas e saídas faranse sempre pola porta principal, agás o alumnado transportado que o fai pola porta do aparcadoiro. A hora de apertura do acceso ao recinto escolar é ás **09:20h**. As portas pecharanse ás **09:30**.

Educación Infantil: O alumnado de 4º poderá ser acompañado ata a zona do patio cuberto. O alumnado de 5º e 6º non poderá ser acompañado ata a zona do patio cuberto. Os acompañantes deberán abandonar o recinto unha vez entregado o alumnado.



Educación Primaria: Os acompañantes do alumnado de educación primaria non deben entrar no recinto no momento da entrada. O alumnado de 1º de EP poderá ser acompañados ata a porta do edificio principal só o primeiro día de colexio.

Saídas:

E. Infantil: será recollido na entrada do edificio de Infantil.

O alumnado de E.P: será recollido na entrada do edificio principal.

Pregamos a todos os acompañantes que abandonen o recinto unha vez teñan saído os nenos/as para evitar aglomeracións e facilitar a organización (as portas péchanse ás 09:30h/ 14:30h) despois da entrada ou da saída.

O alumnado non pode saír do centro, deberá ser recollido polos seus responsables ou por un adulto autorizado por estes.

O alumnado de 5º e 6º de primaria poderá saír sen ser acompañado dun adulto sempre que os seus proxenitores o autoricen por escrito. Este permiso unicamente é válido para a saída da xornada escolar habitual do alumnado, en ningún caso se permitirá saír do centro no medio da xornada (incluíndo comedor, bus, actividades extraescolares) se non é a cargo dun responsable ou persoa autorizada.

Os responsables tamén deben autorizar por escrito ás persoas que non sexan representantes legais para que poidan recoller aos nenos e nenas ao finalizar a súa xornada escolar habitual.

Ata que non se teña entregado no centro o permiso asinado que corresponda, todo o alumnado deberá ser recollido polos seus responsables (pai/nai/titor legal).

Calquera incidencia ou cambio na xornada habitual debe comunicarse ao centro á maior brevidade posible.

Se algún alumno/a ten que saír ao longo da xornada lectiva os responsables ou a persoa autorizada debe asinar a saída no libro de rexistro disposto na conserxería.

Non se permitirá a interrupción do normal desenvolvemento da xornada lectiva para entregar ao alumnado obxectos, traballos ou material que esqueceran na casa, nin se poderán deixar na conserxería.

Calendario Escolar (datas non lectivas): Orde do 12 de abril de 2024 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2024/2025

Día do Ensino: 31 de outubro.

Nadal: do 23 de decembro de 2024 ao 7 de xaneiro de 2025 ambos incluídos.

Entroido: os días 3, 4 e 5 de marzo de 2025.

Semana Santa: do 14 ao 21 de abril de 2024, ambos incluídos.

Datas non lectivas pendentes de ser aprobadas: 10 de febreiro de 2025 e 2 de maio de 2025.

Datas festivas calendario escolar: 1 de novembro de 2024, 6 de decembro de 2024 e 1 de maio de 2025.



Comedor escolar:

O servizo de comedor funcionará desde o 11 de setembro de 2024 ata o 20 de xuño de 2025, salvo para o alumnado de 4º de infantil que comezará o 18 de setembro logo do período de adaptación.

Este servizo organízase nunha única quenda.

Persoal colaborador do comedor escolar: Son pais/ nais/ titores legais de alumnado e mestres do centro que solicitan colaborar e son designadas polo consello escolar.

Ás veces será necesario contar con persoal que xa non ten fillos no centro pero ten algún vínculo con él.

Adxudicación de prazos: É competencia do Consello Escolar seguindo os criterios establecidos pola normativa vixente. O prazo de solicitude para o alumnado matriculado no centro é no mes de maio, anúnciase na páxina web, por Abalarmóbil, e nos medios de difusión de información do Concello de Cambre.

Menús: Apróbanse pola comisión de comedor do Consello Escolar para cada trimestre e publicaranse na páxina web do colexio.

Alerxias ou intolerancias alimentarias: Deben comunicarse á maior brevidade posible nas titorías e acreditarse sempre mediante certificación médica.

Anexo Autodeclaración comedor escolar: Debe entregarse un por cada alumno ou alumna, marcando o importe que corresponda e debe estar asinado por ambos proxenitores.

Pagamento recibos comedor escolar: Os recibos estarán dispoñibles nos primeiros cinco días do mes seguinte. O prazo para entregar o xustificante de pago é ata o 20 do mes seguinte.

Transporte escolar: Os pais/nais/representantes legais do alumnado deben cumprimentar e asinar un permiso para autorizar a terceiras persoas a recoller aos alumnos/as na parada ou para autorizar ao alumnado de 5º e 6º de primaria para marchar sos á súa casa desde a parada. Estes formularios facilítanse no centro ou na web e deberán entregarse na secretaría antes do 10 de setembro. Ata que non se teña entregado o permiso asinado que corresponda todo o alumnado deberá ser recollido nas paradas polos seus responsables (pai/nai/titor legal).

Biblioteca de 16:00 a 17:15 horas: A organización da actividade de biblioteca das tardes vén limitada polo aforo da dependencia. **Este ano temos 42 pazas ofertadas** . O horario é de 16:00h e a 17:15h de luns a xoves. Esta actividade ofértase soamente para o alumnado de Educación Primaria. Non se ofertan actividades lúdicas ou de entretemento nin servizo de préstamo neste horario. Comezará o luns 11 de setembro de 2025.

Adxudicación de prazos: No caso de superar a demanda á oferta de prazos a adxudicación das mesmas farase mediante sorteo entre as solicitudes rexistradas no prazo establecido. A listaxe exporase no taboleiro interior do centro.

Páxina web: A información máis relevante sobre os procedementos administrativos, prazos, listaxes, circulares, autorizacións, os documentos de organización e pedagóxicos do centro, as imaxes das actividades e eventos organizados ao longo do curso, os blogues didácticos das aulas e das especialidades,... estarán a disposición das familias no noso enderezo web (**www.edu.xunta.gal/centros/ceipwenceslao**)

Aplicación Abalarmóbil: Por esta canle enviaranse ás familias todas as informacións do centro e as



específicas de cada grupo de alumnos e alumnas. Os titores/as comunicaranse tamén por medio desta aplicación cos alumnos/as do seu grupo.

Correo electrónico e teléfono: As familias poden usar estes medios para comunicarse co centro: incidencias ou cambios na xornada habitual dos seus fillos e fillas, solicitar citas co profesorado ou co equipo directivo, achegar xustificantes de recibos de comedor, presentar queixas ou suxestións de mellora, etc.

Teléfono. **881880320** Correo electrónico: **ceip.wenceslao@edu.xunta.es**

Agradecendo a súa colaboración e desexándolles un moi bo curso 2024/2025, reciban un cordialsaúdo de benvida.

Cambre, 9 de setembro de 2024